

TRES CARACTERÍSTICAS ACTUAIS DO SISTEMA GALEGO DE DEPENDENCIA

Francisco L. Vázquez Vizoso

Médico Xubilado, é membro do Grupo Promotor da ASGADeD (Asociación Galega en Defensa do Sistema Público da Dependencia e Discapacidade).

Artigo publicado en Nós Diario, o 10/04/2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/tres-caracteristicas-actuais-do-sistema-galego-dependencia/20250409205411220091.html>

O sistema público galego da dependencia vaise configurando como un Sistema de Beneficencia de baixo custe, de calidade moi mellorábel e dirixido fundamentalmente aos sectores sociais con menos recursos económicos; por outra banda, globalmente, o noso sistema dependencia é un instrumento de transferencia das rendas das familias cara as grandes empresas do sector, e tamén un sistema de transferencia dos recursos económicos desde o sector público ao privado, coa colaboración entusiasta da Xunta de Galicia.

Desde a aprobación da Lei de Dependencia (Lei 39/2006), paralelamente ao envellecemento acelerado da poboación, o Sistema de Atención e Axuda á Dependencia (SAAD) creado pola lei desenvolveuse amplamente tanto na Galiza como no resto do estado. Así, as estruturas físicas e os recursos humanos relacionados coa dependencia medraron espectacularmente nestes 18 anos, e teñen como un dos seus elementos máis rechamantes a súa **masiva privatización**, que fai que, por exemplo, o 85% por cento das prazas de residencias de maiores na Galiza estean xestionadas por entidades de xestión privada cunha importantísima presenza de empresas multinacionais propiedade de fondos de investimento (DomusVi, Emeis, ...).

Un sistema de Beneficencia “Low Cost”.

Na actualidade o SAAD en Galicia configúrase cada vez máis como un Sistema de Beneficencia de baixo custe, dirixido sobre todo aos sectores sociais con menos recursos económicos, e a súa calidade e eficacia para atender as necesidades das persoas en situación de dependencia e moi mellorábel. Entre os seus principais problemas figuran os seguintes: uns procedementos burocráticos enormemente ensarillados, motivados sobre todo por uns equipos de avaliación con persoal escaso e en condicións laborábeis moi inestábeis; unhas contías das prestacións ridículas, respecto ao custe real dos servizos; unha baixa intensidade dos servizos que ofrece o sistema, por exemplo o SAF (Servizo de Atención no Fogar); unha financiación claramente insuficiente; unha enorme privatización, que ten unha grande repercusión nos déficits de calidade, pois a constante procura de beneficios por parte das empresas ten como consecuencia a precarización das condicións laborais e salariais das traballadoras do sector e uns rateos cos que é moi difícil dar uns coidados de calidade; un sistema que está dominado por “prestacións baratas e baseadas en coidados non profesionais” que conducen a un modelo de baixo custe e de baixa calidade.

Un sistema de transferencia das rendas das familias cara as grandes empresas do sector

O acceso directo aos servizos públicos do SAAD (Sistema para a Autonomía e Axuda á Dependencia) só está dispoñíbel para as persoas coas rendas máis baixas, establecéndose como un sistema que reproduce antigos esquemas de beneficencia. Por outra banda, para a maioría das persoas que o precisan, o actual sistema de dependencia é carísimo. Por exemplo, ás persoas que teñan ingresos superiores aos 800 Euros non lles queda outra que recorrer as prazas das residencias de titularidade privada e estas teñen prezos moi elevados, chegando en cidades como Vigo, Santiago ou A Coruña, a ter un prezo de 3.500 Euros/mes ou mais; e cómpre ter en conta que as axudas económicas da Xunta nunca superan os 600 Euros.

Estamos diante dun mecanismo de transferencia de recursos desde as chamadas “clases medias” cara ás grandes empresas da Dependencia, diante dun mecanismo de empobrecemento das familias, que a Consellería de Política Social da Xunta tolera e facilita descaradamente.

Un sistema de transferencia dos recursos económicos desde o sector público ao sector privado.

O sector da dependencia move moi importantes cantidades de diñeiro. No ano 2024, a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, determinou que o custe global do sistema público de dependencia (SAAD) en todo o estado, foi de 12.189,4 Millóns de Euros; nese mesmo ano, na Galiza, os custes do SAAD foron de 567,1 Millóns de Euros. Por outra banda, en 2023, a revista Alimarket estableceu en 13.039 Millóns de Euros a facturación das 214 principais empresas e grupos privados do sector sociosanitario de España; sendo de 6.258,6 Millóns de Euros (o 46% do total) a contía do facturado polas 10 principais empresas e grupos xeriátricos españois.

O Faro de Vigo do 21/09/2023 informaba de que “A rendibilidade dos negocios de saúde e xeriatria duplican ao téxtil e ao motor”, e que “as empresas vinculadas ao sector de coidados rozan o 7% de retorno sobre o investimento, seguidos das da enerxía (6,8%)”, e a Revista Alimarket de novembro-décembro de 2024 informaba de que as empresas da dependencia españolas, “elevaron os seus ingresos un 10,27% en 2023”.

Nesta situación, de grandes negocios e beneficios das empresas privadas da dependencia, a Xunta de Galicia non potencia en absoluto infraestruturas públicas propias, como demostra o feito de que a última residencia pública que construíu foi hai máis de 15 anos, e se limita a “deixar facer” ás grandes empresas do sector, actuando como un mero “esponsor” que lles transfire recursos económicos públicos a oito.